

O MUNDO INFANTIL EN ESCUDEIROS

I.- O MUNDO DOS NENOS.

O concepto infantil.

Antigamente dábaselle o nome de INFANS ós que non falaban; etimoloxicamente era correcto, xa que este termo está composto de IN-, elemento de formación de palabras que expresa negación ou privación, e FANS que vén do verbo latino FARI = “falar”.

Máis tarde o concepto *infantil* designou ós menores de sete anos, para pasar logo a aplicarse a tódolos rapaces.

O mundo infantil, entre nós, acostumaba a dividirse no mundo dos nenos (ata a entrada na escola, ós seis anos) e o mundo dos rapaces (ata a saída da escola, ós catorce anos).

O mundo dos nenos segundo a ciencia.

A ciencia di que o neno é egocéntrico e que o seu pensamento é real -xerando unha confusión entre o real e o irreal-, finalista -tódalas cousas responden a fins definidos-, artificialista -todo o fai o home-, animista -atribúelle ás cousas características análogas ás que experimenta en si mesmo- e sincrético -tendencia espontánea a percibir mediante visións globais en troques de captar os detalles-.

II.- A CRIANZA DOS NENOS.

“O neno ós seis meses asenta;

ós sete endenta,

ó ano é andante

e ós dous falante.”

Tras o nacemento o neno/a durme coa nai, pero de seguido vai para o berce ou rolo, que polo día ocupa unha dependencia da casa, xeralmente a cociña, e pola noite está na habitación dos pais.

“Cala meu meniño,

cala meu amor

istes traballiños

veñen do Señor”

Cando chora ou para que durma a nai e a familia arrolan ó neno.

A maioría dos berces e os rolos eran construídos por carpinteiros, preferentemente polos familiares ou veciños. As familias e as amizades compartían os berces: “Este berce, que é de castiñeiro, criou a toda a familia”. Só cando estaba ben avanzada a segunda metade do s.XX comezaron a mercarse berces industriais, substituíndo ós artesanais.

O bautizo.

“Pagano mo deches

devólvocho cristián”

“O que ten bo padriño bautízase”

“Non hai millor padriño que un bo veciño”

“O que non ten padriño afórcano”

A primeira saída do neno fóra da súa casa é á igrexa para recibilo bautismo. Para a busca dos padriños téñense en conta os que o foron da voda, familiares, amigos ou mesmo persoas podentes. Había que buscarlle un seguro ó naipelo. O parentesco espiritual tiña bastante importancia en Escudeiros; dise que os padriños tiñan a obriga de facer de pais se estes faltasen. Ademais os padriños debíanlle ensinar ós nenos a doutrina cristiá, traerlles a primeira froita e, ultimamente, mercarlles a rosca de pascua.

Os tratamentos cos padriños son de respecto, “señor padriño”, “señora madriña”. Os padriños enchen a boca ó falar dos afillados e cos pais trátanse de compadres e comadres, ou “señor compadre” ou “señora comadre”.

Cando os padriños non casaban e tiñan capital era bastante común que testemuñaran a prol dos seus afillados.

A conquista de espazos.

Cando viña o bo tempo, ós nenos púñanselle unhas chambriñas encima dos cueiros, que eran de tela e algúns de liño ata a chegada dos desbotables, e sacábanse, vía colo, para a galería ou corredor, o patio ou os rueiros do pobo. As portadoras, nais, aboas, madriñas, tías, curmáns ou veciñas, fachendeaban con eles; os nenos eran o centro de atención: “que bonitiño che é”, “parécese á nai”, “os llos son do pai”...

Os primeiros movementos do neno eran a gatas; chegando o ano comezaban o “ter/ter”, previo ó andar, que era recibido coma unha festa entre a familia e os achegados e que lle servía de reforzo motriz ás criaturas. En Escudeiros houbo varios casos de nenos precoces no andar, ós nove meses, outros resultaban máis serodios e mesmo pasaban do ano.

A protección dos nenos.

“Os nenos e os tolos

gárdeos Deus a todos”

Para libralos nenos dos malos ollos ou da bruxería era moi frecuente meterlles un dente de allo no peto. Máis raros eran os brevetíns de San Bieito pendurados do pescozo, aínda que algún caso houbo.

A comunicación.

Se os nenos non eran tatecos e se a tardanza ó falar non era moita cara os dous anos comezaba a cartografía: “Ma”, “Pa”, que era vivida como foguetes de ledicia no corazón dos pais, e continuaban co seu idiolecto algo quebrado nas palabras longas, pero continuado, porque en Escudeiros os cativos eran moi estimulados nos asuntos da fala. Considerábase de especial educación falarlles ós nenos e ós vellos.

Cando existía algunha gagueira había xente que a relacionaba con trabucamentos no dicir do credo do bautizo.

Se os cativos tardaban moito en falar dábaselle de comer unto cru e se non funcionaba ofrendábase a algún santuario.

“O rapaz cando se lle encende a vela semella unha tarabela”

“Os nenos e os tolos din as verdades”

Os primeiros xogos.

O fenómeno lúdico ten unhas características:

- É unha actividade libre
- Posibilita o gozo propio
- Non é a vida corrente, é un “coma si...”

-Ten un carácter desinteresado, é “outra cousa”

-O xogo encérrase a si mesmo, no seu interior hai un ir e un vir, un cambio, un enlace e un desenlace.

-Crea un orde que fai aparecer as regras do xogo.

Din que os titáns xogaban ós dados a sorte do mundo. Ó coñecerse o xogo coñécese o espírito. O xogo non é a vida corrente, esta suspéndese mentres se xoga.

Os xogos son unha manifestación esencial da vida infantil; mentres o neno xoga séntese máis dono de si mesmo, pois pode adoptar decisións sen consulta previa, sen consellos. Cos xogos os enriquecen a palabra, exercitan a atención e a memoria, agudizan os reflexos, séntense creadores (coa mercantilización do xoguete os nenos vólvense entes pasivos) e descubren o mundo animal: rás, grilos, xoaniñas, tabaos, moscas, barbantesas, vacalouras ou escornaboís, casas de paxariños (niños), lagartiños, morcegos...

En Escudeiros os irmáns máis pequenos ían pescar rás ás pozas con canas feitas polos maiores, para darlle de comer ás aguias que os mocetes trouxeran de Fontedide e que tiñan no patio da casa do Fermín.

Polo canto percurábase o buraquiño dos grilos e metíaselle unha palliña para facerlle cóxegas e logo pillalos ó saír. Algúns nenos mexábanlle no buraquiño e o grilo tamén saía. Unha caixiña, na que non faltaban anaquiños de leitugas ou de verduras era o novo cárcere ou escenario dos grilos pillados.

As xoaniñas, que gustaban dos vimbieiros e patacais, collíanse e colocábanse na man aberta dicindo “*Xoaniña voa, voa, que che hei de dar pan de broa*”, ou ben “*Xoaniña, voa, voa, que teu pai foi a Lisboa, comprache uns zapatiños para o día da túa boda*”, e funcionaba porque erguían voo.

As moscas pillábanse cun movemento de brazo armonizado co peche da man e previo sacrificio, arrinque das ás, apertando do abdome, claudicaban. Ós tabaos furábaselle unha palliña no abdome e a voar. Os saltóns non era fácil collelos. A barbantesa, máis queda, dicíasele “*Barbantesa, pon a mesa*” e o bichiño nivelaba as súas enormes patas de diante.

Nas tardes do verán o valado do destro do crego era visitado por pequenos cazadores coas súas varas de vimbio. Os lagartiños que tomaban o sol recibían xostregazos e moitos perdían o rabo, que ofrecía o seu derradeiro baile para delicia dos cativos.

Cando se desfecía unha casa vella ou un pendello con frecuencia aparecía no muro algún morcego, paxaros de capa negra, que nas noites do verán voaban a pouca altura por encima do camiño.

A pecunia imaxinaria da infancia eran as vacalouras, que en Escudeiros se lles chamaba escornabois. De tal gandería algunha femia tívoa todo o mundo, pero animais de cornamenta só algúns privilexiados, cando os pais ou irmáns maiores atopaban manada nalgún carballo.

O neno descubría o mundo vexetal xogando; facía gorros de follas de castiñeiro cosidas con froumas, facían subiotos de sabugueiro que funcionaban con balas feitas de estopa e cuspe, comían gromos de silvas ou de acedas e brochetas de amorodos, facían carriños con rodas de nabos e rabizos e castelos con carozos.

As latas de conservas, de aceite ou de pementón eran recicladas polo maxín dos pícaros en tamborís e mesmo coches. Houbo algún cativo que, por mor de ter descuberto un acubillo de latas de sardiñas ó carón do Barracón, chegou a ter unha auténtica flota na súa horta.

As primeiras oracións, adiviñas, trabalinguas e contos aprendíanse na casa.

“O gato e o meniño van onde lle dan cariño”

O traballo dos nenos.

“O labor do neno é pouco, é o que perde un louco”

“Ara con nenos e comerás cañotos”

“Xente nova e leña verde todo é fume”

En Escudeiros os nenos facían recados: ían á leña, ás patacas e á auga á fonte. Comezaban a andar diante da xugada na sementeira, a esfollar e a apañar castañas. Recollían cuncas de moras cando maduraban e, na vendima, apañaban, ó seu pesar, os vagos que caían ó chan da man dos vendimadores, mentres escoitaban *“Unha vella na Arnoia, apañando vagos, fixo cen moios de viño”*. As nenas facían os mesmos traballos, máis axudaban tamén na casa: varrían, limpaban o po, dobraban a roupa, regaban as plantas e os clareos das coladas para que non collesen veas.

Doenzas dos nenos.

As enfermidades de transmisión hídrica, coma a gastroenterite ou o tifo, contribuían as devoucas da infancia, sobre todo no mes de setembro. Outras enfermidades como o sarampelo producían maior devouca no principio do século XX.

As enfermidades que se podían atallar eran o enganido, as lombrigas, a paletilla, as espullas, o coxo ou a picadela das abellas.

O enganido era unha doenza que non deixaba ó neno andar, medrar ou engordar. Para curalo, en Escudeiros púñaselle unha pexa ó cativo e buscábase a un carpinteiro que fóra fillo e neto do oficio, para que lla cortara, a poder ser nunha encrucillada. O Gilberto cortou algunha e algún Pepe levou a pexa.

As lombrigas, antes da chegada dos xaropes, combatíanse bebendo zume de codeso ou de ruda e tamén comendo allos.

A paletilla, tamén chamada espiñela, era unha enfermidade que afectaba ós nenos. Críase na existencia de un óso localizado na entrada do estómago que podía caerse, por iso tamén se lle chamaba a esta enfermidade “estómago caído”. Para diagnosticar esta doenza púanse ós nenos no chan para medirlle a lonxitude de brazos e pernas, se estes non eran do mesmo longo era síntoma inequívoco de tiñan a paletilla, entón un curador, mediante un movemento seco, levábaa ó sitio. A algún neno de Escudeiros levárono a Cartelle onda o señor Santiago, irmán do ferreiro; curandeiro de sona. No pobo tamén erguían a paletilla a señora Pura, a señora Dolores e a Pepa do Raña.

Se o neno tiña espullas ofrecíase ó San Bieito do Rabiño e tamén se lle aplicaba o zume amarelo da celidonia, unha planta abundante nesta zona.

O coxo que lle saía a algúns nenos na pel corríano mediante a unción da zona afectada coa axuda dun algodón empapado en auga onde macerara o corno dun cervo, dicindo:

“Coxo, recoxo, vaite de aquí, coa auga de alicornio que che dou eiquí.

Se es de sapo vaite ó burato, se es de cobra vaite á cova, se es de lagartiña vaite á

buratiña, se es de araña vaite á túa casa.

Coa gracia de Dios e da Virxe María, concédenos o que pedimos neste dá.

Pai noso e Ave María.”

O coxo corríase durante nove días. En Escudeiros corríano a señora Urbana e a Lola do Manuel.

Cando un neno era picado por unha abella fregábase a toda présa con tres herbas distintas, entre elas a chantaxe, tamén chamada lingua de ovella que se colocaba tamén como apósito nas feridas.

Cando os nenos non medraban ou non tiñan apetito facíase tomar aceite de fígado de bacallau. O Pepe Grande tomou este aceite e, a xulgar pola estatura que acadou, funcionoulle.

Como asustaban ós nenos en Escudeiros.

Cando as asustadelas eran pequenas empregábanse os biosbardos, os cocóns, as raposas e os lobos. Para sustos maiores recorríase ó home do bagullo, ó home do saco, ó home do sangue ou ó home do unto.

Cando o susto caía dentro da ironía recorríanse as feras do Cesáreo, e frecuentemente tamén se recorría ós mendigos que pedían esmola, como o Luís Motelo, que era un home algo esquizoide, sempre cos seus garabullos, pero moi pacífico.

A comprensión da infancia non era cousa de todos. O señor Delfín e a Pepa Barreiro contaban ó rapaces contos de medo (A luz da pena, a santa compañía...). O señor Serafín, home de moitos quilates, rexeitaba estas prácticas porque non quería que se asustaran ós rillotes.

Algunha nena chegou a sentir o medo dos animais domésticos. O Albino, home moi traballador pero pouco preocupado pola seguridade, tiña no piso da casa algúns buracos e unha das súas fillas caeu por un deles á corte dos porcós. A rápida acción da familia e os veciños evitaron unha traxedia.

Para evitar que os nenos colleran a froita e as uvas ameazábanse con que estas podían conter “incha-morros”. Cando algún pícaro tiña un herpes nos beizos dicíase: “ese comeu froita con incha-morros”.